**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno**

**correspondente ao día 11 de maio de 2026**

Con data once de maio do ano dous mil vinte e seis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. Luís Menor Pérez

**Deputados/as:**

D.ª Marta Nóvoa Iglesias

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.ª Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Jorge Pumar Tesouro

Dª. María Teresa Barge Bello

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:**

Dª María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 4 DE MAIO DE 2026 (2026/18B/XGL).-** A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 4 de

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

maio de 2026.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 4 de maio de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A AGRUPACIÓNS DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DE CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, MANCOMUNIDADES OU AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2026. (Exp. 2026/1082Z).-** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**1º Excluír** da valoración e, en consecuencia, denegarlle a concesión de subvención ás seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

**1.1. Por achegar a documentación valorable de maneira incompleta, feito que imposibilita a súa valoración, dado que trátase de documentación esencial, e tendo en conta ademais, que dita documentación non pode ser obxecto de trámite de emenda de deficiencias, conforme o disposto na base 5.4 da convocatoria:**

| | ENTIDADE | CIF | NOME<br>PROXECTO | MOTIVO<br>EXCLUSIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | AVPC Concello de San Cristovo de Cea | G32491243 | *Adquisición equipamento e seguro* | -Non se achega o certificado do Rexistro de Voluntarios de Protección Civil, no que se consten o, nº de inscricións da AVPC, a data, e o nº de persoas voluntarios de protección civil das que dispón, e a composición actual da xunta directiva e data de finalización do seu mandato.<br><br>*-Asi mesmo, non se presenta certificación da entidade aseguradora na que se indique o persoal voluntario de protección civil cuberto por seguro de responsabilidade civil e accidentes. Tampouco, no caso de estar* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | *incluídos nas pólizas de seguro do concello, se achega certificación emitida polo secretario/a da entidade na que conste o número de persoal voluntario de protección civil incluídas nas devanditas pólizas.*<br><br>- *Falta a* memoria descritiva do investimento proxectado para o que se solicita axuda, cun orzamento individualizado e detallado de ingresos e gastos |
| 2 | AVPC Concello de Viana do Bolo | G32196727 | *Mantemento AVPC Viana do Bolo* | -Non aporta o certificado do Rexistro de Voluntarios de Protección Civil, no que se indique, nº de inscricións da AVPC, a data, e o nº de voluntarios de protección civil que posee, e a composición actual da xunta directiva e data de finalización do seu mandato.<br><br>-Falta a memoria de actividades do ano 2025 no que se indiquen os operativos de protección civil que tiveron por obxecto eventos culturais ou deportivos nos que a Deputación Provincial fose colaboradora.<br><br>-Non se achega *a* memoria descritiva do investimento proxectado para o que se solicita axuda, cun orzamento individualizado e detallado de ingresos e gastos<br><br>- |

**2º. Conceder**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

| *PROTECCIÓN CIVIL 2026* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ***AVPC*** | ***CIF/DNI*** | ***DENOMINACIÓN ACTUACIÓN*** | ***CONTÍA CONCEDIDA*** |
| ***1.*** | *AVPC A Forxa (Concello de Porqueira)* | *G32320657* | *Equipamento* | 1.500,00 € |
| ***2.*** | *AVPC Concello da Bola* | *G32344293* | *Mantemento AVPC* | 1.500,00 € |

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **3.** | *AVPC Concello da Gudiña* | *G32167934* | *Gastos agrupación de voluntarios PC* | 1.500,00 € |
| **4.** | *AVPC Concello da Mezquita* | *G32167900* | *Gastos actuación operativos* | 1.500,00 € |
| **5.** | *AVPC Concello da Pobra de Trives* | *G32461311* | *Operativos A Pobra de Trives* | 1.500,00 € |
| **6.** | *AVPC Concello da Rúa* | *G32169773* | *Equipamento e vestimenta persoal AVPC A Rúa* | 1.500,00 € |
| **7.** | *AVPC Concello da Veiga* | *G32220477* | *Equipamento e vestimenta persoal* | 1.500,00 € |
| **8.** | *AVPC Concello de Allariz* | *G32168116* | *Mantemento AVPC Allariz 2026* | 1.500,00 € |
| **9.** | *AVPC Concello de Avión* | *G32252157* | *Máscaras completas para equipo respiratorio autónomo/EPI* | 866,90 € |
| **10.** | *AVPC Concello de Baltar* | *G32291478* | *Gastos protección civil 2026* | 650,17 € |
| **11.** | *AVPC Concello de Bande* | *G32238883* | *Vestimenta persoal* | 1.500,00 € |
| **12.** | *AVPC Concello de Baños de Molgas* | *G32230351* | *Adquisición vestimenta e mantemento vehículo* | 1.500,00 € |
| **13.** | *AVPC Concello de Barbadas* | *G32195562* | *Adquisición uniformidad* | 1.500,00 € |
| **14.** | *AVPC Concello de Beariz* | *G32299133* | *Actividade AVPC Beariz 2026* | 1.500,00 € |
| **15.** | *AVPC Concello de Calvos de Randín* | *G32272346* | *Equipamentos de prevención e de protección para a avpc de Calvos de Randín* | 1.500,00 € |
| **16.** | *AVPC Concello de Carballeda de Avia* | *G32319170* | *Vestimenta voluntarios protección civil* | 650,17 € |
| **17.** | *AVPC Concello de Cartelle* | *G32181463* | *Gastos AVPC do concello de Cartelle* | 1.500,00 € |
| **18.** | *AVPC Concello de Castrelo de Miño* | *G32378788* | *Material, seguros e gastos operativos* | 1.500,00 € |
| **19.** | *AVPC Concello de Castro Caldelas* | *G32348708* | *Vestimenta* | 1.500,00 € |
| **20.** | *AVPC Concello de Coles* | *G32194714* | *Actuacións AVPC de Coles 2026* | 1.500,00 € |
| **21.** | *AVPC Concello de* | *G32460081* | *Gastos xerais da agrupación* | 1.500,00 € |

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Cortegada | | | |
| **22.** | AVPC Concello de Cualedro - Monterrei | G32465932 | Actuacións 2026 | 1.500,00 € |
| **23.** | AVPC Concello de Entrimo | G32281297 | Gastos correntes para o funcionamento da AVPC de Entrimo, equipamento, vestimenta, operativos e seguros | 1.500,00 € |
| **24.** | AVPC Concello de Esgos | G32183346 | Gastos correntes derivados das actuacións | 1.500,00 € |
| **25.** | AVPC Concello de Larouco | G32249559 | Equipamento e Vestimenta persoal de uniforme | 1.083,62 € |
| **26.** | AVPC Concello de Laza | G32162463 | Equipamento e vestimenta parsoal de uniforme | 433,45 € |
| **27.** | AVPC Concello de Maceda | G32207656 | Actuacións AVPC Maceda | 1.500,00 € |
| **28.** | AVPC Concello de Manzaneda | G32437899 | Equipamentos, gastos durante actuacións, gastos mantemento medios, formación e conservación | 1.500,00 € |
| **29.** | AVPC Concello de Maside | G02689594 | Equipamento e vestimenta de persoal de uniforme | 1.484,67 € |
| **30.** | AVPC Concello de Montederramo | G22440424 | Equipamento e ou vestimenta | 1.500,00 € |
| **31.** | AVPC Concello de Muiños | G32165672 | Vestimenta persoal | 1.500,00 € |
| **32.** | AVPC Concello de Nogueira de Ramuín | G32207490 | Equipamento e vestimenta | 866,90 € |
| **33.** | AVPC Concello de Parada de Sil | G32377921 | Gastos funcionamento AVPC 2025 | 1.500,00 € |
| **34.** | AVPC Concello de Pereiro de Aguiar | G32169815 | Gastos de equipamento e vestimenta | 1.500,00 € |
| **35.** | AVPC Concello de Petín | G32350274 | Equipamento de protección | 1.500,00 € |
| **36.** | AVPC Concello de Piñor | G32186306 | Material para equipamentos de comunicacións da aavv piñor | 1.452,00 € |
| **37.** | AVPC Concello de Rairiz de Veiga | G32263832 | Garantía de cobertura aseguradora e operatividade da avpc de Rairiz de Veiga exercicio | 1.500,00 € |

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 2026 | |
| **38.** | AVPC Concello de Ribadavia | G32316655 | Vestiario, seguros e comunicacións | 1.500,00 € |
| **39.** | AVPC Concello de Riós | G32210668 | Gastos funcionamento e seguros | 866,90 € |
| **40.** | AVPC Concello de San Cibrao das Viñas | G32261992 | Gastos funcionamento A.V. Protección Cilvil de San Cibrao das Viñas | 1.500,00 € |
| **41.** | AVPC Concello de San Xoán de Río | G32473795 | Gastos correntes para funcionamento | 1.500,00 € |
| **42.** | AVPC Concello de Sarreaus | G32320863 | Equipamentos e material funxible | 1.500,00 € |
| **43.** | AVPC Concello de Verín | G32167652 | Vestimenta protección civil | 1.500,00 € |
| **44.** | AVPC Concello de Vilamarín | G32198574 | Actuacións varias AVPC Vilamarín | 1.500,00 € |
| **45.** | AVPC Concello de Vilamartín de Valdeorras | G32250987 | Operativos 2026 | 866,90 € |
| **46.** | AVPC Concello de Vilardevós | G32426306 | Equipamientos, seguros, Gastos de mantemento da VPC e dos medios, facturas móvil, dietas... | 866,90 € |
| **47.** | AVPC Concello de Vilariño de Conso | G32196891 | Equipados para emerxencias: AVPC de Vilariño de Conso | 1.500,00 € |
| **48.** | AVPC Concello de Xinzo de Limia | G32196693 | Equipamento e rescate acuático | 1.500,00 € |
| **49.** | AVPC Concello de Xunqueira de Ambía | G32239063 | Mellora seguridade en rescates e intervencións | 1.261,25 € |
| **50.** | AVPC Concello de Xunqueira de Espadanedo | G32239352 | Gasoleo AVPC | 1.500,00 € |
| **51.** | AVPC Concello do Bolo | G32469736 | Gastos correntes necesarios para o correcto funcionamento da agrupación de voluntarios de protección civil do bolo | 1.500,00 € |
| **52.** | AVPC Concello do Carballiño | G32168228 | Equipamento e gastos funcionamento | 1.500,00 € |
| **53.** | AVPC Concello do Irixo | G32277840 | Mellora de equipamento e gastos ocasionados pola AVPC de O Irixo | 1.500,00 € |

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***54.*** | *AVPC Concello dos Blancos* | *G32239485* | *Gastos AVPC Os Blancos* | 650,17 € |
| ***55.*** | *AVPC Mancomunidade Terra* | *G32480279* | *Mantemento AVPC* | 1.500,00 € |
| | | | ***TOTAL*** | **75.000,00 €** |

**3º. Proceder** á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

**<u>3º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL LUARADA, PARA FESTIVAL DE CINE OUFF 2026. IMPORTE: 250.000,00 euros. (Exp. 2026/162T).-</u>** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Cultural Luarada, nos seguintes termos:

**-<u>Importe</u>:** 250.000,00 €.

**-<u>Obxecto</u>:** Festival de cine. OUFF 2026.

**-<u>Xustificación</u>:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense** https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (430.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**4º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ, PARA OBRA DE DEMOLICIÓN DE EDIFICIO MUNICIPAL: ANTIGO CENTRO DE SAÚDE". IMPORTE: 16.688,39 euros. (Exp. 2026/634N).-** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Paderne de Allariz, nos seguintes termos:

**-Importe:** 16.688,39 euros.

-**Obxecto**: Obra de demolición de edificio municipal: antigo centro de saúde .

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (16.688,39 euros) indicando, en caso contrario, porcentaxe que supón dos seguintes:

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

(en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ, PARA OBRA DE REPOSICIÓN DE SANEAMENTO EN ERMIDE. IMPORTE: 7.223,41 euros. (Exp. 2026/635J).-** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Paderne de Allariz, nos seguintes termos:

**-Importe:** 7.223,41 euros.

-**Obxecto**: Obra de reposición de saneamento en Ermide.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (7.223,41 euros) indicando, en caso contrario, porcentaxe que supón dos seguintes:

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector

Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**6º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PIÑOR, PARA ILUMINACIÓN E EQUIPAMENTO DA CONTORNA DO CENTRO CULTURAL. IMPORTE: 14.998,98 euros. (Exp. 2026/649G).-** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Piñor, nos seguintes termos:

**-Obxecto:** Iluminación e equipamento da contorna do centro cultural.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

**-Importe da subvención que se consignou na modificación núm. 10/2025 do orzamento do exercicio 2025**: 15.000,00 euros.

**-Orzamento de gastos presentado polo beneficiario:** 14.998,98 euros.

**-Importe que procede reducir en base ao orzamento presentado:** 1,02 euros.

**-Importe que procede conceder:** 14.998,98 euros.

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (14.998,98 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón dos seguintes:

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**7º ASUNTOS DE URXENCIA.** Non se suscitaron.

**8º COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.** Non se presentaron.

**9º ROGOS E PREGUNTAS.** Non se formularon.

E, ás dez e dez minutos do referenciado día once de maio do ano dous mil vinte e seis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es

.

O Secretario Xeral
Documento asinado
electrónicamente mediante
actuación administrativa
automatizada.
12/05/2026

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342474226610557546 en https://sede.depourense.es